

Programa de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE para estudantes universitarios con discapacidade

Convocatoria 2017-2018

Convocatoria da Universidade da Coruña

I. OBXECTO

A Universidade da Coruña (UDC) convoca **5 bolsas** para a realización de prácticas académicas externas dirixidas ao alumnado universitario con discapacidade, co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade e as súas oportunidades futuras de emprego. As devanditas prácticas poderán ser desenvolvidas en grandes empresas, pemes, microempresas, empresas de economía social, entidades do terceiro sector e outras institucións públicas e privadas

O réxime desta convocatoria axústase ao previsto no Convenio marco do 22 de xuño de 2016 que asinaron a Fundación ONCE e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE) a través do Programa operativo de inclusión social e economía social 2014-2020, para o desenvolvemento do Programa de prácticas académicas externas Fundación ONCE-CRUE na convocatoria 2017-2018; ao Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais; ao Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios; ao vixente Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013 e modificado polo seu acordo o 27 de febreiro de 2015; e, por último, ao disposto no plan de estudos de cada titulación.

II. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas a que se refire esta convocatoria, que se desenvolverán entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2018, terán unha duración mínima de tres meses consecutivos, ampliables a seis meses por pedimento da empresa de acollida. A xornada semanal será de 25 horas, cuxa distribución diaria se establecerá de acordo coas características da práctica e a dispoñibilidade da entidade colaboradora. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica formativa, de representación e participación desenvolvida polo alumnado.

A realización das prácticas académicas externas non poderá levarse a cabo de maneira fraccionada. No caso de que por consecuencia de enfermidade, agravamento da discapacidade, período vacacional da empresa ou outra causa de forza maior debidamente xustificada a persoa bolseira non puidese continuar o desenvolvemento das prácticas, estas interromperanse, tras o

cal poderán ser retomadas até completar o período de tres meses con data límite do 31 de decembro de 2018.

III. REQUISITOS DA PARTICIPACIÓN

1. Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
2. Estar oficialmente matriculado/a, no momento da solicitude e do comezo das prácticas, en calquera titulación oficial ou programa formativo de posgrao oficial e propio que impartan a UDC e os seus centros adscritos.

Isto será aplicable ao estudiantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que, en virtude de programas de mobilidade e intercambio ou de convenios bilaterais subscritos pola UDC con outras universidades e institucións, se atopen cursando estudos na UDC ou nos seus centros adscritos.

3. Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos correspondentes á formación básica. No caso do estudiantado de mestrado a porcentaxe anterior será do 30% no momento de finalización do prazo de inscrición. No caso doutros programas formativos, cómpre estar matriculado/a no programa de que se trate.
4. Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con ningunha empresa, institución ou entidade no momento do inicio das prácticas.
5. Non ser beneficiario/a doutra axuda ou bolsa formativa de características análogas ás deste programa de forma simultánea. A bolsa é compatible con calquera outra axuda que o/a estudante poida obter da empresa ou entidade de destino e coa pensión non contributiva por discapacidade.
6. Non superar as 750 horas de prácticas curriculares e extracurriculares de límite establecido para o mesmo curso académico. De existir vacantes en prácticas extracurriculares, formarase unha lista de agarda en que poderá participar tamén aquel alumnado que supere as devanditas horas.
7. Para as prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación.

IV. DOTACIÓN DAS BOLSAS DA FUNDACIÓN ONCE

A Fundación ONCE efectuará o pagamento dunha cantidade de 1800 € por bolsa outorgada a cada estudante, que resulta de realizar tres meses de prácticas académicas externas remuneradas a 600 € cada mes.

As cotizacións á Seguridade Social suxeitaranse ao disposto no Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, así como ás posibles bonificacións ou exencións da Seguridade Social que puidesen existir en relación coa contratación de persoas con discapacidade.

Estas prácticas académicas externas poderán prorrogarse até un máximo de seis meses, se así o acordan as partes. Neste caso, os custos asociados correrán a cargo da entidade colaboradora.

V. PRAZO DE INSCRICIÓN

Desde a publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC até o 15 de decembro de 2017.

VI. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN PARA O ESTUDANTADO

1. O alumnado que desexe solicitar unha das bolsas a que se refire esta convocatoria deberá: Inscribirse no portal web do programa de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE, co enderezo <<http://becas.fundaciononce.es/default.aspx>> e subir á nomeada plataforma informática o seu certificado de discapacidade e o seu currículo.
2. O alumnado matriculado nun mestrado cuxa titulación habilitante fose cursada noutra universidade, deberá subir ademais á plataforma o expediente académico da titulación habilitante (grao ou titulación equivalente) coa nota media calculada sobre dez.

Aquelas solicitudes que non cumpran co procedemento anterior serán automaticamente anuladas.

VII. ASIGNACIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

A UDC asignará as bolsas entre as persoas candidatas de acordo cos principios de transparencia, capacidade e mérito. Conforme estes principios determinaranse, con carácter previo, os criterios cuantitativos que permitirán establecer o baremo das solicitudes tendo en conta estes elementos:

1. Expediente académico.
2. Grao de discapacidade oficialmente recoñecido.
3. Adecuación ao perfil solicitado na oferta por parte da entidade colaboradora e méritos expostos no currículo.
4. En caso de igualdade de méritos, daráselle prioridade ao alumnado de último curso, a aquel que non efectuase prácticas académicas ou a aquel que conte con outras circunstancias persoais e sociais que deban ser consideradas, segundo se reflicte na Convocatoria de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE 2017-2018.
5. No caso de darse ofertas de prácticas co duplo carácter curricular e extracurricular, terán preferencia as prácticas de carácter curricular.

VIII. XESTIÓN DAS BOLSAS

A xestión destas bolsas levarase a cabo de modo coordinado entre a Unidade de Emprego do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) e a Oficina de Atención á Diversidade da UDC.

Finalizado o prazo de inscrición, o SAPE publicará unha listaxe provisoria do estudantado admitido na sede electrónica da UDC, co enderezo <sede.udc.gal>. O alumnado disporá de cinco días hábiles para emendar os erros que puidese presentar a súa solicitude. Transcorrido este período, publicarase na sede electrónica da UDC a listaxe definitiva do estudantado admitido.

O SAPE elaborará unha lista de persoas candidatas ordenadas segundo a súa prioridade e idoneidade para lle remitir a cada entidade colaboradora. As devanditas persoas serán sometidas á valoración da entidade correspondente en entrevista persoal e de acordo con aqueles outros criterios que esta considere de aplicación no marco das súas políticas de realización de prácticas formativas. A adxudicación da bolsa estará sometida á aceptación da candidatura por parte da entidade colaboradora.

Unha vez seleccionada a persoa bolseira, a entidade colaboradora deberá enviar un correo electrónico ao enderezo <emprego.vepeu@udc.gal> cos datos desta persoa. As prazas adxudicaranse por rigoroso orde de chegada dos correos electrónicos. Posteriormente, o SAPE notificará á persoa seleccionada que foi aceptada pola empresa.

A adxudicación da praza producirá os seus efectos desde o día da publicación da resolución reitoral oportuna. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo dispón a Lei

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que contarán desde o día seguinte da notificación da resolución, ou calquera recurso que se estime procedente.

IX. FINANCIAMENTO DAS BOLSAS

A UDC recibirá a dotación das bolsas da Fundación ONCE en concepto de mecenado, ao abeiro do previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Deberá destinar a devandita dotación aos seguintes conceptos:

- a) Pagamento dunha bolsa ao alumnado participante.
- b) Cumprimento das obrigas que, en materia de Seguridade Social, fiscal ou de calquera outro tipo, con carácter xeral, lle correspondan ou poidan chegar a corresponderlle por imperativo legal ou regulamentario á propia UDC en canto financiadora directa das bolsas.

Cómpre ter en conta a posibilidade de que estes importes poidan variar en función de se as prácticas teñen a consideración de curriculares ou non, posto que no primeiro caso, ao abeiro do disposto na disposición adicional vixésimo quinta do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, ou calquera outra norma que o substitúa, modifique ou complemente no futuro, poderían estar bonificadas na cotización da Seguridade Social.

En calquera caso, será a UDC a que lle aboe ao/á estudante o importe correspondente á bolsa. Farao na conta corrente da entidade bancaria indicada pola persoa beneficiaria, da cal esta deberá ser titular ou cotitular. O pagamento efectuarase por mensualidades, de acordo coa normativa interna de xestión das prácticas académicas externas formativas.

No caso de que non chegase a completarse o período da bolsa, o alumnado bolseiro deberá comunicarlle ao/á coordinador/a de prácticas do seu centro e ao equipo xestor deste programa a través do enderezo de correo <emprego.vepeu@udc.gal>. Se a finalización prematura é decidida polo/a estudante, e non resulta debidamente xustificada e/ou comunicada con antelación suficiente, a UDC poderá reclamarlle os custos ocasionados. No caso de que a persoa bolseira abandone as prácticas ou renuncie a elas nun período de tempo inferior a oito días, non percibirá ningunha contía. Se por pedimento da persoa bolseira o período de prácticas rematase antes dos tres meses de duración mínima, recibirá o importe da bolsa correspondente ao período realizado de maneira proporcional.

X. XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA

A achega da UDC ao programa de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE implica o desenvolvemento das seguintes actuacións pola súa parte:

- a) Asumir a xestión das prácticas académicas externas e das correspondentes bolsas.
- b) Coordinar e xestionar todos os procedementos internos para o adecuado funcionamento deste programa.
- c) Difundir o programa entre a comunidade universitaria.
- d) Xestionar a selección do estudiantado beneficiario, segundo os criterios establecidos neste documento.
- e) Identificar, no marco dos programas de prácticas académicas externas, as bolsas deste programa facendo mención expresa á denominación «Programa de bolsas de prácticas académicas externas Fundación ONCE-CRUE para alumnado universitario con discapacidade» e incluíndo os logotipos da Fundación ONCE, o Programa operativo de inclusión social e economía social do FSE, a CRUE e a UDC na documentación e os soportes empregados.
- f) Seleccionar as empresas máis axeitadas para a súa participación neste programa.
- g) Facilitar á Fundación ONCE e á CRUE, unha vez finalizada a asignación das prácticas académicas externas, información detallada sobre elas, así como calquera outra información relativa a este programa e a súa execución que sexa requirida por calquera destas entidades para o debido do programa.
- h) Realizar un seguimento das prácticas académicas externas, de acordo cos procedementos habituais e elaborar a información de seguimento que a CRUE ou a Fundación ONCE poidan requirir á finalización da convocatoria. Para iso contarase co propio informe preceptivo elaborado pola persoa titora da empresa ou entidade participante.

XI. INTERPRETACIÓN

Estas bases foron formuladas a modo de extracto dos termos e condicións xerais do programa a que se adhire para a súa participación a UDC, os cales prevalecerán en caso de litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultantes da súa execución ou interpretación, sen prexuízo do previsto no parágrafo seguinte.

As actuacións administrativas dos diferentes órganos da UDC participantes neste procedemento serán recorribles, en canto se desenvolven no exercicio das súas competencias de dereito público, na forma prevista no artigo 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro,

o que se indicará nos acordos ou resolucións correspondentes; e, de ser o caso, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

XII. INFORMACIÓN

SAPE A Coruña

Pavillón de Estudantes, 1.º andar,

Campus de Elviña

Extensións: 2916, 2901 e 2903

Correo electrónico:

<emprego.vepeu@udc.gal>

SAPE Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo, baixo

Campus de Esteiro

Extensións: 3618, 3617 e 3616

Correo electrónico:

<emprego.vepeu@udc.gal>

A Coruña, 16 de outubro de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso